


## Presentación do libro *Identidade e afectos patrios* do membro de HISTAGRA Ramón Villares Paz



O autor estará acompañado polo IP de HISTAGRA Lourenzo Fernández Prieto e Lois Caeiro.

### **SOBRE O LIBRO:**

Os ensaios reunidos neste libro teñen un vínculo común, que é indagar no proceso de creación e bloqueo da identidade galega e na formación dunha narrativa de Galicia como nación cultural. O obxectivo é descubrir os valores, prácticas e símbolos que unen a unha comunidade, de xeito que importen menos os feitos históricos e máis os procesos de construción deses símbolos e valores, nos que advertimos intres de mutación, de resignificación e dunha funcionalidade cambiante.

### **SOBRE EL AUTOR:**

Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela desde 1987. Membro Numerario da Real Academia Galega e Investigador Honorario do Instituto de Ciências Sociais (U.Lisboa) (desde 2011). Membro do Consejo Editorial de Marcial Pons, Ediciones de Historia (Madrid) e do Consello Asesor de revistas como Historia Social (Valencia), Ler História, Análise Social (Lisboa) ou Ayer. Foi fundador do GRupo HISTAGRA. É Presidente do Consello da Cultura Galega desde 2006. As súas liñas de investigación son a Historia agraria, a politización campesiña, a historiografía, os estudos culturais, a historia das migracións e do exilio.

### **A PRESENTACIÓN:**

**Lugar:** Librería Trama. Avenida da Coruña, 21. Lugo

**Data:** 15-2-2018

**Hora:** 19:00 h.

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de  
Desenvolvimento Regional